

Linkterpreting

Plataforma de recursos para la interpretación de enlace

linkterpreting.uvigo.es

GUÍA DE (AUTO)AVALIACIÓN DE TRADUCCIÓN Á VISTA (TAV)

A guía de autoavaliación de TAV consiste en tres bloques de preguntas para comprobar se se cumpriron os obxectivos. Para poder realizala, é imprescindible practicar unha tradución á vista previamente e gravala nun dispositivo.

Bloque 1: Preparación.

- Coñecías este xénero textual?
- Coñecías a situación comunicativa?
- Prepararas o encargo?
- Nunha primeira impresión, realizaches unha boa preparación ou sería necesario documentarte máis?

Bloque 2: Durante a realización da TAV.

- Traduciches todo o texto? Se non o fixeches, que partes non traduciches e por que?
- Resultouche difícil pasar dun texto escrito a un discurso oral?
- Resultouche máis difícil transvasar os tecnicismos xurídicos ou a linguaxe vulgar?
- Houbo partes do texto orixinal que non entendeses? Que fixeches nese caso?
- Tiveches problemas coa sintaxe ou a puntuación do texto orixinal?
- Realizaches falsos comezos?
- Fixeches omisións?
- Interrompeuche con preguntas ou comentarios a persoa para a que estás traducindo á vista? Se é así, que fixeches?

Bloque 3: Despois da escoita da gravación da TAV.

- Transmitiches de forma correcta o texto orixinal?
- Transmitiches de forma completa o texto orixinal?
- Transmitiches de forma fluída o texto orixinal?
- Cres que a persoa para quen traduciches/interpretaches comprendeu plenamente e con todo detalle o documento (que ten que firmar)?

Engade calquera outro comentario que estimes oportuno:

Como citar este documento?

Del-Pozo-Triviño, Maribel; Iglesias Pérez, Ana. (2022). *Guía de autoavaliación de Tradución á Vista*. Linkterpreting. <http://linkterpreting.uvigo.es/>